



Denominación do título	Máster Universitario en Xerontoloxía
Campus	Campus de Oza - A Coruña
Centro de adscrición	Facultade de Ciencias da Saúde
Coordinador/a	Laura Lorenzo López laura.lorenzo.lopez@udc.es 881015890
Universidades e outros organismos participantes	Interuniversitario. Participan as seguintes universidades: <ul style="list-style-type: none">• Universidade da Coruña• Universidade de Santiago de Compostela
Créditos	60 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/start/4540V01 https://gerontologia.udc.es/master_gerontologia_udc.php

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

20 prazas

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
 - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - o As materias cursadas.
 - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.

Requisitos específicos:

- Currículum vitae.
- Titulación requirida: Titulación universitaria en Ciencias da Saúde /ou Sociais.



- O estudiantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Prioridade nas titulacións de acceso:

O alumnado preferentemente deberá de responder o perfil de cada unha das **dúas especialidades** das que se compón o Máster:

- Para ser admitido/a na **especialidade en Xerontoloxía Clínica**, o alumnado deberá proceder preferentemente:
 - o Preferencia 1: título de grao afín ás Ciencias da Saúde (Medicina, Psicoloxía Clínica e da Saúde, Enfermaría, Fisioterapia, Logopedia, Terapia Ocupacional, Podoloxía, Odontoloxía, Farmacia)
 - o Preferencia 2: título de grao afín ás Ciencias Sociais
 - o Preferencia 3: outra titulación sempre que se demostre experiencia profesional e/ou investigadora suficiente neste ámbito.
- Para ser admitido/a na **especialidade en Xerontoloxía Social**, o alumnado (recentemente egresado/a ou non) deberá proceder preferentemente:
 - o Preferencia 1: título de grao afín ás Ciencias Sociais e/ou Xurídicas (Socioloxía, Dereito, Pedagogía, Antropoloxía, Psicoloxía, Demografía, Xeografía, Traballo Social, Educación Física).
 - o Preferencia 2: título de grao afín ás Ciencias da Saúde
 - o Preferencia 3: outra titulación sempre que se demostre experiencia profesional e/ou investigadora suficiente neste ámbito.

A admisión farase en función da idoneidade do perfil (ramas dos estudos de procedencia).E, no caso de que a demanda fora maior que a oferta de prazas, a admisión sería de acordo con baremo publicado na memoria (Expediente e Formación Académica).

Criterios de baremación:

No caso de que a demanda fose maior que a oferta de prazas, a admisión sería de acordo ao seguinte baremo (Expediente e Formación Académica):



(1) EXPEDIENTE ACADÉMICO (máximo 10 puntos)	
Matrícula de honra (10 puntos)	4 puntos, valorarase con 10 puntos
Sobresaliente (de 9 a 9,99 puntos)	3 puntos, valorarase con 8 puntos
Notable (de 7 a 8,99 puntos)	2 puntos, valorarase con 6 puntos
Aprobado (de 5 a 6,99 puntos)	1 puntos, valorarase con 5 puntos

(2) FORMACIÓN ACADÉMICA E PREMIOS EXTRAORDINARIOS (máximo 5 puntos)
A: Licenciatura ou Diplomatura Engadirase 1 punto pola obtención do premio extraordinario ou por outras licenciaturas e/ou diplomaturas.

Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
 - Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#)
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houber discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
- o No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
 - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
 - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
 - Todos os documentos serán copias compulsadas.
 - Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsada.
 - A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

Legalización de documentos:

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.



Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.